

## Entrevista a Johan Knol, de GEA Farm Technologies

# “Buscan aforrar man de obra e flexibilidade nos horarios”

**A**s Xornadas Técnicas de Vacún de Leite de Talavera de la Reina, celebradas a mediados do mes de novembro, acolleron un relatorio de Johan Knol, responsable da robotización en grandes proxectos de GEA Farm Technologies a nivel internacional, sobre como garantir o futuro das explotacións leiteiras coa automatización. Falamos con el para coñecer a súa opinión e as solucións robotizadas que ofrece a súa marca.

### Por que os gandeiros se decantan por robots?

Os propietarios das ganderías queren robots porque buscan aforrar man de obra. Moitos deles teñen dificultade para atopar traballadores que lles axuden a muxir as vacas. Ademais, nas granxas familiares, os gandeiros buscan maior flexibilidade de horarios, é dicir, non ter que muxir nun horario fixo.

### Que está a pasar na actualidade nas grandes explotacións?

O que comprobamos nas granxas grandes ou megagrandes é que crecen e crecen, xa que a demanda de leite está en aumento, e que o seu maior problema é que a oferta de xente que traballa muxindo vacas está a decrecer. Por exemplo, era habitual ver moitos mexicanos nas grandes granxas de EE. UU. e agora non están tan dispoñibles como no pasado; en Xapón, onde traballan moitos filipinos, tamén é difícil atopalos. A día de hoxe, eles quedan nos seus países porque teñen mellores condicións de traballo que antes.

### Que solucións ten GEA para granxas de 500 vacas e para explotacións de 5.000 animais?

GEA axústase a todo tipo de granxas, temos solucións robotizadas en granxas de 50 vacas e en granxas de 500 e ambas



son moi eficientes. Estamos a cubrir granxas de 200, 250 e 500 vacas coa instalación de robots que moxen en grupos ou lotes de muxido usando o sistema coma se fosen salas de muxido, pero cos parámetros dos robots. Para ganderías que superan as 500 vacas cremos no sistema da sala rotativa robotizada DairyProQ, cos robots encima da plataforma. Neste sentido, tanto un só robot como a rotativa robotizada DairyProQ con 80 prazas teñen o mesmo equipamento respecto ao muxido.

### Cal é o procedemento dentro da teteira?

A principal vantaxe da nosa teteira é que realiza todo o proceso de muxido nunha soa colocación. Desde que se coloca, lava o teto, fai o *predipping*, estímulo, móxeo e sêlao, todo dentro da teteira.

A teteira retírase canto está todo feito e este proceso fai que o muxido sexa perfecto.

### Cales son as vantaxes deste sistema?

Necesitamos menos tempo e, o máis importante, garantimos sempre o mesmo proceso, sen erros. Conseguimos a mesma rutina de muxido diariamente e obtemos un leite de excelente calidade con mellores resultados, moito mellores que no pasado.

### Que sucede co leite “malo”?

GEA ten un moi bo equipamento para isto. Se detecta calquera alteración na vaca, o sistema facilitaranos separar o leite por teto e dirixir este leite “malo” cara a unha liña concreta ou cara a un cubo, como o gandeiro prefira.

### Este sistema asegura que o leite “malo” non chega ao tanque?

En cada módulo da DairyProQ e nos DairyRobot R9500 hai unhas válvulas incluídas, especiais e patentadas que se activan automaticamente cando detectan este leite “malo”. Por defecto envíanolo cara á liña correspondente.